



# Concello de San Cristovo de Cea

Praza Maior, 1 32130 San Cristovo de Cea (Ourense)  
☎ 988 282 000 Fax: 988 282 008 ✉ [concello@concellodecea.com](mailto:concello@concellodecea.com)  
🌐 [www.concellodecea.com](http://www.concellodecea.com)



## BASES SELECCIÓN PERSOAL

**PRIMEIRA.**- Teñen por obxecto as presentes Bases regulamenta-lo trámite para seleccionar e contratar:

- Un traballador/a como persoal de atención á infancia no P.A.I. de San Cristovo de Cea.

Sendo o sistema de selección o de oposición.

**SEGUNDA.**- O Contrato que se formalice será baixo a modalidade de "Contrato por obra ou servizo", de duración determinada e xornada completa.

**TERCEIRA.**- A duración do Contrato será de 12 meses.

**CUARTA.**- As tarefas da praza serán: As propias do persoal de atención á infancia (unha praza).

**QUINTA.**- Os interesados poderán presenta-las súas solicitudes nas Oficinas do Concello de San Cristovo de Cea, en horario de 9:00 a 14:00 horas, nos cinco días naturais contados dende o día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

Os solicitantes reunirán os seguintes "**REQUISITOS**":

**Nacionalidade:** Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, así como os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois/españolas ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, así como as/os descendentes de ambos os cónxuxes, de menos de vinte e un anos ou maiores desta idade que vivan as súas expensas. As mesmas regras aplicaranse, de se-lo caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais realizados pola Comunidade europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.

Ademais das persoas sinaladas no parágrafo anterior, poderán acceder a ela os estranxeiros/as que se atopen residindo en España, de acordo co previsto no artigo 10.2 da vixente Lei orgánica de dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

### **Titulación:**

Para o persoal de atención á infancia:

- Licenciado/a en pedagogía ou psicopedagogía.
- Mestre/a especialista en educación infantil ou equivalente.
- Técnico superior en educación infantil ou equivalente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuí-lo documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

**Capacidade funcional:** Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

**Habilitación:** Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

No suposto de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

Tódolos requisitos anteriores deberán de cumprirse no momento da remata-lo prazo de admisión de solicitudes e conservarse, cando menos, ata a data do nomeamento.

**SEXTA.-** Exercicios:

**Primeira Proba:** Exercicio escrito: obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar 35 preguntas tipo test, debendo sinalar a resposta correcta entre as posibilidades que se lle propoñan. As preguntas serán elixidas polo tribunal, seleccionadas de entre o contido do temario que a continuación se sinala.

Tempo para realiza-lo exercicio: 50 minutos.

As persoas que non consigan acertar un mínimo de 18 preguntas considerándose non aptas e polo tanto non poderán realiza-la seguinte proba.

Puntuación do exercicio: de 0 a 7 puntos.

Puntuación mínima a ter en conta: 3,5 puntos.

## **TEMARIO DO PROGRAMA**

### **PARTE XERAL**

**Tema 1:** *A Constitución Española de 1978: Principios Xerais. Dereitos e deberes fundamentais.*

**Tema 2:** *O procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e terminación. Os recursos administrativos: concepto e clases.*

**Tema 3:** *O Estatuto de Autonomía de Galicia: Competencias da Comunidade Autónoma. A Xunta de Galicia e o seu Presidente.*

**Tema 4:** *O Parlamento de Galicia. A Administración pública da Comunidade Autónoma. O Consello da Xunta.*

**Tema 5:** *O municipio: organización e competencias.*

**Tema 6:** *Lei 13/2008, de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.*

### **PARTE ESPECIFICA**

**Tema 1:** *O crecemento e desenvolvemento físico do neno de 0 a 3 anos. O desenvolvemento social e motor. O desenvolvemento cognitivo e lingüístico. O desenvolvemento emocional. Alteracións máis frecuentes do desenvolvemento.*

**Tema 2:** *A organización do espazo, os materiais e o tempo como recursos didácticos.*

**Tema 3:** *Alimentación e nutrición. Necesidades nutricionais desde o nacemento ata os 3 anos. Trastornos e dificultades da comida. O desenvolvemento de hábitos para a alimentación equilibrada.*

**Tema 4:** *Adquisición de hábitos de autonomía persoal. O control de esfínteres. Adquisición de hábitos de limpeza e hixiene.*

**Tema 5:** *O descanso. Necesidades e ritmos do sono.*

**Tema 6:** *As enfermidades máis frecuentes da infancia. Os accidentes infantís. A prevención dos accidentes infantís.*

**Tema 7:** *A importancia do xogo no desenvolvemento infantil. O xogo como recurso didáctico. A intervención do educador no xogo infantil.*

**Tema 8:** *O papel da familia na educación dos fillos. A familia elemento imprescindible no proceso educativo. Cauces de comunicación do centro coa familia.*

**Tema 9:** *A educación infantil dos nenos con necesidades educativas especiais. A importancia da intervención temperá.*

**Tema 10:** *Metodoloxías específicas no primeiro ciclo de educación Infantil.*

**Tema 11:** *Programacións do primeiro ciclo de educación infantil para a consecución das capacidades xerais da etapa mediante a metodoloxía, obxectivos e contidos das áreas no currículo. Adaptacións curriculares.*

**Segunda proba:** obrigatoria e eliminatoria. Os aspirantes que superen a primeira proba deberán desenvolver un suposto práctico relacionado coas funcións obxecto da praza que será plantexado polo tribunal inmediatamente antes da súa realización de entre o temario antes meritado.

Puntuación do exercicio: de 0 a 7 puntos, sendo necesario para superalo obter unha cualificación mínima de 3,5 puntos.

**SÉTIMA.-** Instancias:

1. As instancias nas que se solicita participar na convocatoria, nas que os aspirantes deberán manifestar que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas, referidas sempre á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias, dirixiranse ó Sr. Alcalde do Concello de San Cristovo de Cea e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de San Cristovo de Cea ou en calquera dos lugares previstos na normativa vixente na materia.

2. O prazo será o sinalado na base quinta.

3. Coa instancia acompañarase unha copia cotexada do DNI e os documentos acreditativos ós que se fai referencia nestas Bases debidamente compulsados. Así mesmo indicárase un teléfono de contacto e, de telo, un correo electrónico.

**OITAVA.-** Expirado o prazo de presentación de instancias, o presidente ditará resolución no prazo máximo de tres días naturais na que declare aprobada a lista de admitidos e excluídos. En dita resolución, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello de San Cristovo de Cea, indicárase a causa da exclusión, e concederase un prazo de tres días para a subsanación de erros, incluíndo ademais a designación dos membros do tribunal de selección. Unha vez resoltas ditas incidencias, comunicárase (mediante anuncio no taboleiro, páxina web e comunicación telefónica ou mediante correo electrónico) ós interesados, a data de realización da proba práctica que se fixe.

Unha vez realizado o exame, a Comisión elaborará unha proposta coa relación de aspirantes por orde de puntuación que elevará ó Sr. Presidente para que proceda a efectuar o nomeamento e contratar á persoa nomeada.

**NOVENA.-** O horario de traballo será fixado pola Alcaldía en atención ás necesidades do servizo.

**DÉCIMA.-** Para o non previsto nestas Bases estarase ó disposto no R.D. 2720/98 en materia de Contratos Laborais para obra ou Servizo determinado, así como na Lexislación Reguladora da Contratación Laboral e demais lexislación concordante e complementaria na materia.